



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 23 - XANEIRO - 07

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

PREMIOS.

OVICA recibe o premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural 2006.

O presidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, D. Alfredo Suárez Canal designou o seguinte xurado para fallar o premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural 2006.

- D. Edelmiro López Iglesias. Dtor Xeral de AGADER
- Dna. Encarna Otero Cepeda. Dtora Xeral de Fomento da Calidade da Vivenda, Consellería de Vivenda e Solo.
- D. Xosé Henrique Costas. Universidade de Vigo.
- D. Xosé Benito Reza Rodríguez. Dtor Xeral de Conservación da Natureza. C. de Medio Ambiente.
- D. Xoán Carreira Pérez. Universidade de Santiago.
- D. Roi Salgueiro Barrio. Universidade da Coruña
- Dna. Catalina de Ana Magán. Xerente de "HIFAS da TERRA", entidade gañadora no ano 2005.
- D. Mauro Cid Faílde. Secretario Xeral de AGADER.

Todos eles reunidos o 12 de decembro en Santiago de Compostela acordaron por unanimidade, á vista dos proxectos presentados e da súa calidade, outorgar os seguintes premios:

Premio especial dirixido a proxectos realizados por mozos/as: "HORTAS TRIGÁS" pola adicación dos seus esforzos á diversificación e mantemento dun campo vivo.

3º premio AGADER a: "MILHULLOA, PLANTAS MEDICINAIS E AROMÁTICAS" pola conservación do patrimonio e a súa integración na cadea produtiva, así como a posta en valor dun contorno natural, mediante a obtención de produtos innovadores e diversificadores de actividade fundamentada no sector primario.

2º premio AGADER, compartido, a: "VIÑA E OLIVAR" polo seu bo facer e recoñecida traxectoria e O CASTIÑEIRO: PRESENTE, PASADO E FUTURO dado o esforzo dirixido á conservación e revalorización do patrimonio natural nunha das zonas máis desfavorecidas da xeografía galega.

1º premio AGADER a : OVICA (ASOCIACIÓN DE CRIADORES DE OVINO E CAPRINO DE GALICIA), polo seu papel dinamizador artellando dende unha óptica asociativa o sector ovino e caprino, e pola súa notable contribución á mellora técnica e sanitaria, que se traduce nunha garantía da rendibilidade das explotacións e calidade de vida no rural do noso país.

NORABOA A TODAS E TODOS !!!

OVICA
caprino e ovino galego

CABRAS NO MUNDO:



Unha cabra ben equilibrada.

RAZAS: Milchschaf ou Frisona



Orixe: Alemana e Holanda

Características: Animais grandes de 70 a 100 quilos, as ovelas, especializadas en produción láctea de 600 a 800 litros con 5,5-6,5 de índice graxo.

Producción: Acusada proliferación de 200 a 300 anos cada 100 partos. A influencia mellorante desta raza sobre a produción de leite é acusadísima, ten o inconvinte da fragilidade xenética.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndese 2 machos de aptitude cárnica. (Lugo) 606 943 505.
- Véndense 100 cabras (Allariz). 627 094 135 / 988 44 10 00.
- Véndense 45 cabras e 40 dereitos (Becerrea) 982 15 17 70 / 647 15 14 67
- Véndense 51 dereitos de ovino. 618482394
- Mércanse cabras de carne (Noia). 660 079 691
- Mércanse cabras adultas ou cabritas de recría (Carnota). 655 578 668
- Mércanse 200 ovellas con dereitos. 988 438 603 / 659 325 161
- Mércanse ovellas. 686 304 617.
- Mozo, formado na escola silvo-pastoril de Allariz, busca traballo en explotación de ovino – cabrún. 679 447 805.

MASTÍNS.

Reparto de cachorros a socios de OVICA.

Comezou o reparto de cachorros de mastín entre os asociados/as que van a participar no plan de cría destes cans que defenderan os nosos rebaños dos ataques de lobo.

Lembrar que estes cachorros entréganse de xeito gratuíto en virtude do convenio que OVICA asinou coa Consellería de Medio Ambiente e D. S.



INFORMACIÓN TÉCNICA.

Estudio de mercado sobre as fibras de ovino - cabrún

OVICA realizou, por encargo do Concello de Vilariño de Conso, un estudio sobre a comercialización de fibras de ovino-cabrún. A realización deste estudio contou co financiamento da Consellería de Traballo da Xunta de Galiza.

Este primeiro traballo servirá para sentar as bases para a posta en marcha dun proxecto integral máis completo a desenrolar durante o ano 2007 e que sirva para a posta en valor das fibras procedentes do ovino e caprino galegos. A segunda fase do proxecto contará co financiamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural dependente da Consellería do Medio Rural.

DESVELLE.

Resumo do ano 2006.

No servizo de recollida de animais de desvelle que se coordina dende OVICA no ano 2006 obtivéronse as seguintes cifras:

- Total animais recollidos: 919 cabezas.
- Explotacións onde se recolleron animais: 70.
- Tempo adicado á recollida: 16 días.
- Frecuencia de recollida: +/- mensual.
- Prezo medio dos animais recollidos: 3 €.

IDENTIFICACIÓN.

Identificación das femias nadas despois de xullo de 2.005.

A consellería do Medio Rural, en aplicación da normativa europea que obriga á identificación electrónica dos animais das especies ovina e caprina, está a identificar a todas as femias nadas despois do 9/7/05.

En caso de non facer unha correcta aplicación do bolo pódense provocar danos no esfóago do animal.

Para evitar problemas é fundamental que a aplicación do bolo se faga dun xeito coidadoso e sen presas.

Se algún animal resultase danado debe de facerse unha reclamación ante os servizos veterinarios oficiais. Para máis información contacta con OVICA.

FORMACIÓN.

Charla en A Estrada.

Técnicos e gandeiros de ovica impartiron unha charla sobre a produción de gando caprino dentro dun curso de Gandaría Sustentábel. Este curso foi organizado pola cooperativa Monte Cabalar e o SLG, desenrolouse no centro comarcal de Tabeiros e tivo como obxectivo formar ós cooperativistas que van a afrontar un proxecto de explotación comunitaria da terra.



ATAQUES DE LOBO.

Solicitude de axudas a través dos axentes forestais.

OVICA solicitou do Subdirector Xeral de Caza e Pesca da Consellería de Medio Ambiente e D. S. que sexan os axentes forestais quen fagan as solicitudes das axudas polos danos no momento do seu recoñecemento. Con isto evitaremos desprazamentos innecesarios para solicitar as axudas polos ataques sufridos.